

A ESCOLA DA VIDA

Clamor contra a corrupción

05.03.2011**JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO**

Hai uns días recibín un e-mail dunha plataforma na que se pidía o asinamento dos cidadáns para pórlle fin á inclusión de persoas que están imputadas como políticos en procesos xudiciais por corruptos nas listas dos partidos políticos para as vindeiras eleccións municipais e autonómicas. Son centos de posibles candidatos os que están imputados e que poderían acabar sendo elixidos para oprobio dos seus pobos e autonomías. Os cidadáns que asinamos os manifestos propostos dende varias das plataformas fomos miles en poucos días, o que fai percibir que hai un verdadeiro clamor popular contra a falta de criterios éticos dos partidos que din querer ser os nosos representantes.

Tan denigrada está a clase política que as persoas honradas non queren entrar a formar parte das listas dos partidos? Creo que a colleita de escándalos é longa e seguirá aumentando se non se lle pon fin pronto. A solución para esta decadencia da moral na política pode estar na creación de novos partidos que busquen renovación da ética política. Algúns xa deron o paso neste sentido. Pero non todo o novo é bo. Só hai que mirar, por exemplo, ao novo partido constituído por un antigo líder do PP en Asturias para facerse cargo disto. Tamén desde os grandes partidos xa se alzaron voces en contra dos seus novos competidores, aludindo, maniqueamente, a que estes están encarnados por persoas que buscan prebendas persoais. Non obstante, todo o que poidan dicir deles téñeno eles mesmos no seu interior.

De calquera xeito, reivindicar outra política, ben sexa desde as plataformas cidadás ou desede os novos partidos, é unha opción para ter moi en conta tanto para aumentar a capacidade de elección como para corrixir a deriva tomada polos consorcios que toman o poder como algo propio, en contra do que se supón que debe ser: unha representación dos cidadáns para resolver os problemas que os aburan.

A crise actual, quizais, non sexa tanto debida nin a motivos económicos nin factortes sociais, senón que sexa unha crise establecida con base na que os pretendidos representantes da cidadanía non souberon priorizar o que era social e economicamente ético fronte aos seus intereses espureos e pardistas. Así que a renovación da ética política vai ser unha tarefa común para saír desta crise..